




NOVEMBRO
MES DA **CIENCIA**
EN **GALEGO** NAS
BIBLIOTECAS

De Viaxe!

Experimentos e medios de transporte

Novembro 2021





MÉTODO CIENTÍFICO

1. Observación

2. Plantexamento do problema

3. Formulación da hipótese

4. Deseño do experimento

5. Rexistro e anotación dos datos


6. Conclusións:

- Os resultados confirman a validez da nosa hipótese.
- Os resultados rexeitan a hipótese.

SUBMARINO CON GLOBOS

Materiais:

- Botella de plástico con tapón
- 3 ou 4 globos
- Unha porca (que entre na botella)
- Auga




Deseño:

1. Introducimos os globos na porca de xeito que queden xustos e non se movan.
2. Enchemos 3/4 da botella de auga.
3. Metemos os globos na botella e tapámola.
4. Apertamos e soltamos a botella.

Observación científica:


- Densidade
- Flotación
- Presión da auga



FOGUETES CON GLOBOS

Materiais:

- Palliñas
- Globos
- Cartolina
- Cinta illante ou celo



Deseño:

1. Fixamos o globo ás palliñas con cinta.
2. Decoramos as pallas con cartolina imitando a cola dun foguete.
3. Inchamos o globo e soltamos o foguete.

Observación científica:

- Propulsión
- Forzas: acción-reacción. Lei de Newton.



COCHES CON GLOBOS

Materiais:



- Coches de xoguete (Lego, plástico, madeira...)
- Cartón e tapóns para construír o coche. Paus de espeto para os eixes.
- Cinta illante ou celo.
- Palliñas
- Globos

Deseño:

1. Fixamos o globo á palla con cinta.
2. Construímos o coche (ou collemos un xa feito).
3. Fixamos o globo ao coche con cinta.
4. Inchamos o globo e soltamos o coche.

Observación científica:


- Forzas: acción- reacción. Lei de Newton
- Propulsión



CLIPS QUE FLOTAN

Materials:

- Clips
- Un recipiente para a auga
- Papel de cociña
- Auga



Deseño:

1. Enchemos con auga o recipiente.
2. Pousamos os clips sobre o papel na superficie da auga.
3. Retiramos con coidado o papel.

Observación científica:


- Tensión superficial da auga, cohesión das moléculas da auga.
- Densidade



FLOTARÁN?

Materiais:

- Xabón líquido
- Aceite
- Auga
- 3 vasos
- 3 globos



Deseño:

1. Enchemos con auga os vasos.
2. Enchemos cada globo cunha substancia: auga, aceite e xabón líquido. Pechámolos.
3. Metemos un globo en cada vaso.

Observación científica:


- Densidade.
- Flotación.



AUGA DOCE E AUGA SALGADA

Materiais:

- Uvas
- Sal
- Auga
- 2 vasos



Deseño:

1. Enchemos con auga os vasos.
2. Nun deles botamos 4 culleradas de sal e remexemos.
3. Metemos dúas uvas en cada vaso.
4. Podemos ir aumentando a cantidade de sal e observando o que acontece. Tamén podemos usar outras froitas, ovos, obxectos...

Observación científica:


- Densidade.
- Flotación.



NAVES ESPACIAIS

Materiais:

- Un globo
- Unha palla
- Cordel
- Cinta illante ou celo
- Cartolina, rotuladores, rolos de papel... para decorar o globo.



Deseño:

1. Metemos o cordel a través da palla.
2. Atamos os dous extremos do cordel a dous puntos distanciados, tensando o cordel.
3. Fixamos o globo á palla con cinta.
4. Inchamos o globo nun extremo do cordel e soltamos.

Observación científica:

- Acción-reacción. Leis de Newton.
- Propulsión





De viaxe!

Biblioteca Brea Segade

2021- 2022